



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 908 Semana do 13 ao 19 de xuño de 2022

NUNHA PRIMEIRA REUNIÓN CO PRESIDENTE DA XUNTA, UGT-GALICIA PON ENRIBA DA MESA A URXENCIA DE REVISAR Á ALZA OS CONTRATOS PÚBLICOS NO SECTOR SERVIZOS, ESIXE UNHA MAIOR COORDINACIÓN NA XESTIÓN DOS NEXT GENERATION E UNHA MESA DE DIÁLOGO EN MATERIA DE POLÍTICAS SOCIAIS

Redacción.- O pasado martes tivo lugar a primeira xuntanza dos axentes sociais galegos co novo presidente da Xunta.

O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, valorou como positivo este encontro, xa que forma parte dun clima de relacións institucionais gobernos-sindicatos normal, sano e democrático e, ademais, constitúe un paso máis na senda do diálogo social polo que UGT leva xa moitos anos apostando para intentar solucionar os problemas que no eido social, laboral e económico poida ter Galicia.

Tres foron as liñas de traballo que UGT-Galicia abriu nesta xuntanza. Os contratos públicos no eido do sector servizos, os fondos Next Generation e o diálogo social en materia de políticas sociais.

En relación aos contratos públicos no eido do sector servizos, Gómez subliñou a necesidade de que sexan revisados xa pola Administración galega á alza, xa que, cunha inflación como a actual, os seus orzamentos están quedando cortos para poder aboar as nóminas con regularidade.

E nun contexto como o actual un país non pode permitirse seguir empeorando as condicións laborais dos seus traballadores e traballadoras e que continúe incrementándose a pobreza, incluso aínda tendo un



emprego.

O secretario xeral de UGT-Galicia tamén alertou sobre o retroceso do sector industrial en Galicia. E, neste senso, apostou por aproveitar todos os instrumentos que Europa nos está a facilitar, como os fondos Next Generation, para construír unha industria forte nesta Comunidade porque o sector industrial dun país segue a ser un dos marcadores máis significativos do seu desenvolvemento e, normalmente, trae consigo emprego máis estable e de máis calidade que outros sectores.

Precisamente, en canto aos fondos eu-

ropeos, Gómez alertou sobre a súa ineficiente xestión e sobre as carencias que se rexistran en materia de coordinación entre o Goberno central e as comunidades autónomas. Insistiu en que os fondos Next Generation son imprescindibles para que o sector industrial galego se recupere do deterioro que sufriu nos últimos anos e que desprexer esta oportunidade por parte das administracións sería unha irresponsabilidade.

Dende UGT-Galicia tamén se foi a esta xuntanza cunha proposta, poñer en marcha unha mesa específica no marco do diálogo social para abordar temas de política social.

Mobilizacións dos traballadores dos servizos de prevención alleos contra o bloqueo do convenio

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, convocaron concentracións este venres diante das sedes das principais empresas de servizos de prevención alleos de toda España para denunciar o bloqueo do convenio. En Galicia a concentración tivo lugar na Coruña, na sede de Taprega.

Estase a falar de 20.000 traballadores e traballadoras co convenio bloqueado dende

hai tres anos, co conseguinte empobrecemento, aínda máis coa deriva inflacionista, mentres o sector bate récords de beneficios. Isto sumado a cargas de traballo cada día que pasa máis excesivas, o que fai a situación insostenible.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UPTA APOSTA POLO NOVO MODELO DE COTIZACIÓN QUE PERMITIRÁ QUE MÁIS DE 136.000 AUTÓNOMOS GALEGOS AFORREN

Redacción.- O presidente de UPTA, Eduardo Abad Sabarís, xunto co secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, analizaron este xoves en rolda de prensa en Santiago o novo sistema de cotización de autónomos que, inicialmente, vai supoñer un aforro para 136.788 traballadores por conta propia en Galicia.

O secretario xeral de UGT-Galicia, precisamente, apuntou que se trata de devolver aos autónomos o mesmo nivel de dereitos e obrigas que teñen o resto dos traballadores por conta allea.

Nisto incidiu tamén o presidente de UPTA que apuntou que a esixencia é devolver á RETA a xustiza contributiva. O actual sistema, neste senso, é perverso, xa que provoca que o pequeno autónomo teña que pagar en moitas ocasións o mesmo que os que teñen ingresos moi superiores.

Explicou que o novo sistema está pensado para ser autorregulable, cada dous meses se revisará en función dos ingresos reais, polo que cumpre máis coa premisa de ser máis xusto.

En canto ao cese de actividade, vai haber catro condicionantes que se acepten, as causas extraordinarias, como sucedeu coa pandemia; sectorial; por causas económicas salvables; e por causas económicas.

Precisou que o novo sistema vai supoñer un aforro para 136.788 autónomos galegos que verán rebaixada a súa contribución. O aforro será de entre 600 e 1.050

euros ao ano. Tamén se verán beneficiados os autónomos societaarios, cun aforro duns 1.000 euros por exercicio.

Si é certo que dende os 1.700 euros de rendemento neto iríase subindo de xeito liñal, pero, aínda así, o sistema gaña en xustiza porque os que menos rendas de traballo teñen van cotizar menos que os que teñen rendas máis elevadas.

Deixou claro que isto non é “un sa-blazo” aos autónomos e pediu á patronal que deixe de poñer pedras no camiño e facilite o acordo xa. Neste mesmo senso, insistiu en que este non é o momento dos partidos políticos, ese será cando o anteproxecto chegue ao Congreso e ao Senado, agora é o momento do diálogo social.

Tamén apuntou ao importante problema que ten Galicia co envellecemento dos seus autónomos, de feito é a Comunidade onde esta situación é máis grave, co 65% dos seus autónomos maiores de 60 anos. Isto repercute en pensións mínimas con complementos a mínimos. Para isto, o novo sistema tamén os beneficiará.

Parello ao novo sistema de cotización, está a reforma fiscal na que tamén se está a traballar e que complementaría o sis-



tema. Nesta reforma búscase volver a deducir os gastos de manutención como se facía antes de 2017, así como os gastos de subministro, ao 30%, cando o domicilio fiscal coincide co fogar, como tamén se facía antes da reforma de Montoro imposta polo PP. Tamén se vai pedir deducir o 100% dos gastos de dixitalización.

Asemade, adiantou que se está a negociar o dereito a folga dos traballadores por conta propia e que poidan percibir o subsidio para maiores de 52 anos que a día de hoxe xa cobran os traballadores por conta allea.

Finalmente, o presidente de UPTA pediu valentía ao Goberno para acometer esta reforma do modelo de cotización, así como outras medidas que se poidan negociar nos vindeiros meses, para acadar un sistema máis xusto para os autónomos que non poden ser moeda de cambio.

A FOLGA NO CONTACT CENTER ACADA O 85% DE SEGUIMENTO

Redacción.- Este luns miles de traballadores e traballadoras do contact center volvemos a dicir que estamos fartos de ter o salario conxelado desde o 2019.

Entre decembro de 2019 e o 13 de xuño de 2022 cambiaron moitas cousas, mesmo vivimos unha pandemia mundial que custou a vida a moitas persoas e afectou á vida de traballadoras e traballadores, asumindo responsabilidades que non lles corresponden.

Outras cousas non cambiaron, a primeira é a repugnante avaricia da patronal, que levou a trasladar os gatos da produción ao seu persoal, un claro roubo, metéronnos man no peto, e é que, a pesar de que teñen que remunerar o teletraballo, deciden non pagalo.

Tampouco cambiou a política dalgúns sindicatos que nunha época de loita, saíron da cova de onde están, non para unirse á loita, senón para criticar aos sindicatos que estamos a traballar para mellorar as nosas condicións laborais. Agora debería tocar unidade sindical sen fisuras contra a patronal.

Desde UGT tamén debemos recoñecer que outros moitos sindicatos si que se subiron ao carro das mobilizacións, apoiando a loita de todos e todas.

O próximo día 28 temos unha cita



coa patronal, esperamos que cambien de actitude e poñan en valor ás persoas traballadoras das súas empresas, propoñendo condicións dignas: subidas salariais que nos fagan recuperar o poder adquisitivo, regular e abonar o teletraballo, apostar pola calidade e a formación, a subrogación e acabar coa parcialidade indesexada.

PAROS PARCIAIS DE DÚAS HORAS O DÍA 23 NO SECTOR DAS TIC POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do sector das TIC están chamados a paros parciais de dúas horas, as últimas da súa xornada, o vindeiro día 23.

Dende FeSMC denúnciase que, a pesar de tratarse dun sector punteiro, que está a protagonizar a revolución dixital, ten un dos peores convenios sectoriais.

Polo que os traballadores e traballadoras do sector demandan un convenio digno xa para un dos sectores punteiros da revolución tecnolóxica do país.



FOLGA NO SECTOR DA CARPINTERÍA E EBANISTERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA POLO BLOQUEO DO CONVENIO

Redacción.- Os traballadores do sector de carpintería e ebanistería da provincia da Coruña está chamados a varias xornadas de folga, o día 29 deste mes, e os días 13, 27 e 28 do mes de xullo para denunciar o bloqueo por parte da patronal do convenio colectivo que está caducado dende o 2019, coa conseguinte conxelación salarial, algo insostible

ante unha inflación desbocada como a actual.

Ademais, os 5.000 traballadores afectados polo convenio teñen enriba da mesa outras demandas para mellorar as súas condicións.



OS FONDOS EUROPEOS SON UNHA OPORTUNIDADE PARA LOITAR CONTRA A DESERTIFICACIÓN

Redacción.- No Día Mundial de Loita contra a Desertificación e a Seca, UGT insta ao Goberno a desenvolver plans de actuación con medidas destinadas, por unha banda, a mellorar e reforzar as ferramentas necesarias para avaliar e dar seguimento ao risco de desertificación e, por outro, a paliar o efecto da seca e a escaseza do recurso, fomentando a xestión sostible da auga.

A desertificación e seca afectan tanto ao estado da natureza como aos medios de vida de millóns de persoas na súa loita contra a pobreza e xa no Cume da Terra, celebrada en Río de Janeiro en 1992, catalogáronse como os maiores retos aos que se enfrenta o desenvolvemento sostible. Desde entón o problema seguiu empeorando e hoxe en día, máis de 2.000 millóns de hectáreas de terras anteriormente produtivas atópanse degradadas. Algo especialmente preocupante se se ten que en conta que para 2030 estímase que a produción de alimentos requirirá outros 300 millóns de hectáreas adicionais de superfi-

cie.

Este ano, o lema do Día é "Superando xuntos as secas", co que se quere facer fincapé na acción temperá para evitar consecuencias desastrosas para a humanidade e os ecosistemas planetarios. As secas atópanse entre as maiores ameazas para o desenvolvemento sostible e, debido ao cambio climático, ningún país é inmune. De feito, as previsións estiman que para 2050 as secas afectarán a máis das tres cuartas partes da poboación mundial.

O sindicato considera que este Día Mundial brinda unha oportunidade única para poñer no centro do debate unha problemática que incidirá especialmente no noso país que sufrirá as consecuencias do cambio climático e un gran impacto nos recursos hídricos. Sequias, ondas de calor, choivas torrenciais... van repercutir na cantidade de auga dispoñible, que se vai a ver reducida substancialmente, e na súa calidade.



Actuar xa, ningún país é inmune

Neste sentido, é necesario poñer en marcha canto antes, e con orzamentos suficientes, a Estratexia Nacional de Loita contra a Desertificación para mitigar os seus efectos e restaurar as zonas degradadas, así como o novo Programa de Acción Nacional contra a Desertificación e, para iso, os fondos do Plan de recuperación da UE son unha oportunidade única.

Por último, UGT considera fundamental que, mediante estes instrumentos, se analicen en detalle as consecuencias que a desertificación e a seca están a ter sobre o emprego e sobre a sociedade no seu conxunto.

NON HABERÁ RECUPERACIÓN ECONÓMICA SE OS SALARIOS PERDEN PODER DE COMPRA

Redacción.- Os datos do primeiro trimestre de 2022 da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) mostran unha tendencia crecente dos custos laborais e salariais totais por traballador e mes, sendo o quinto trimestre consecutivo con taxas anuais positivas, tras as caídas rexistradas en 2020. Con todo, o custo laboral por hora efectiva traballada permanece inalterado se se compara co mesmo período do ano anterior, o que indica que as empresas non ven reducidas as súas marxes por esta cuestión.

Esta tendencia reflicte a volta á normalidade produtiva tras o afundimento da produción derivada da pandemia e a recuperación parcial das perdas salariais sufridas, pero lembra que a recuperación necesita mellores salarios, que reforcen a demanda e sexan coherentes cun modelo produtivo que poña o acento nunha maior produtividade e competitividade en factores diferentes dos custos laborais.

O sindicato advirte de que os custos salariais non aumentaron en igual proporción que o nivel xeral de prezos, que para ese mesmo período foi do 7,8% de media. Por este motivo, e dadas as previsións para este ano, considera imprescindible que se produzan maiores subidas salariais, para evitar a notable perda de capacidade adquisitiva que xa se está producindo. Ademais, UGT sinala que hai que ter en conta que a invasión de Ucraína produciuse cando xa transcorrera máis da metade do primeiro

trimestre e os efectos económicos non se ven reflectidos completamente nos datos coñecidos o xoves. Para que a protección sexa maior fronte á incerteza instalada respecto á marcha da economía, e principalmente a evolución que vai ter a inflación este ano, é fundamental que se introduzan cláusulas de garantía salarial na negociación colectiva.

En definitiva, é imprescindible que se protexa aos traballadores e traballadoras en materia salarial, de maneira consecuenta coa mellora da estabilidade no emprego que xa se está vendo pola aplicación da reforma laboral pactada que entrou en vigor este ano. Non haberá recuperación económica se os salarios perden poder de compra, e menos aínda nun contexto de subida de tipos de interese como o que está xa inducendo o Banco Central Europeo, que aumentará os custos hipotecarios dos fogares.

Non se pode consentir que sexan os petos das persoas traballadoras os que soporten esta escalada de prezos, mentres as empresas obteñen rendibilidades moi elevadas. Por iso, UGT quere que a patronal sente a negociar para alcanzar unha solución global á firma dos convenios colectivos, onde se fagan esforzos en materia salarial pero tamén respecto ás marxes de beneficios. A negociación colectiva é a única vía para evitar unha catástrofe económica.

O INE publicou os datos da ETCL correspondente ao primeiro trimestre de

2022. Aínda que se aprecia unha evolución positiva en materia salarial, segue sendo inferior aos incrementos do nivel xeral de prezos que se experimentaron durante o primeiro trimestre do ano.

Segundo apunta o INE, o custo laboral total por traballador e mes incrementouse un 4,7% anual e sitúase en 2.729,0 euros. No que respecta ao custo salarial, o aumento é dun 5,2%. Pola súa banda, no resto dos custos laborais obsérvase un incremento do 3,5%.

Respecto ás causas destes aumentos, o INE sinala como principais razóns o aumento das horas efectivamente traballadas durante o trimestre debido, tanto á existencia neste período de menos festivos como á redución das horas non traballadas por causas técnicas, económicas, organizativas e/ou de forza maior (ERTE).

No que respecta aos incrementos por actividade, destaca o notable aumento anual do custo laboral do sector da Hostalería (59,3%), como resultado da reapertura do sector que se produciu desde o primeiro trimestre de 2021. Este sector, por exemplo, experimentara unhas caídas do custo salarial por traballador e mes entre o primeiro trimestre de 2020 e de 2021 en máis dun 30%, o que xera un rebote a medida que aumentaron as horas traballadas no sector e que se reincorporaron persoas traballadoras.

UGT RECLAMA DIÁLOGO SOCIAL E UN PLAN DE CHOQUE CONTRA A SINISTRALIDADE LABORAL

Redacción.- Os datos facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social, correspondentes aos catro primeiros meses de 2022, destacan que se produciron 366.656 accidentes de traballo, dos que 194.207 causaron a baixa laboral do traballador (un 10% máis) e 172.449 non produciron incapacidade temporal (experimentando unha diminución do 2,3%).

Ademais, 258 accidentes acabaron co falecemento da persoa traballadora, unha cifra que aumentou nun 22,3% respecto aos datos de avance de abril de 2021, e supón 47 mortes máis.

Por iso, UGT mantén que hai que seguir con detemento a evolución desta estatística, xa que parece que se confirma a tendencia iniciada en 2021 tras a volta á ac-

tividade de aumento dos accidentes con baixa e pon de relevo que a seguridade e saúde no traballo está a deixarse nun segundo plano nas empresas e non funcionan os mecanismos preventivos. En canto aumenta a actividade, aumenta a sinistralidade.

O sindicato considera especialmente preocupante o aumento dos accidentes mortais e, aínda que este aumento está influenciado polo accidente do barco galego en Terranova, alerta do incremento das mortes por infartos e derrames cerebrais (+17,9%), das debidas a atrapamentos e esmagamentos (+52%) e das mortes en accidente in itinere (+25,7%).

UGT celebra que a Conferencia Xeral



da Organización Internacional do Traballo incluíu a semana pasada as contornas de traballo seguros e saudables entre os seus principios e dereitos fundamentais, en liña coa CSII. Un logro sindical, máis aínda neste contexto de crecente número de accidentes de traballo e enfermidades relacionadas co traballo e tamén respecto á atención que se presta á saúde mental e á loita contra a violencia e o acoso no traballo.

O GOBERNO PERDE OUTRA OPORTUNIDADE DE REVERTER A PRIVATIZACIÓN DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera que o Proxecto de Lei polo que se modifican diversas normas para consolidar a Equidade, Universalidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde aprobado polo Goberno contén melloras sobre o Anteprojecto anterior presentado polo Ministerio en audiencia pública que o sindicato rexeitaba.

Con todo, a pesar das melloras, o texto aprobado segue tendo importantes deficiencias, debido a que non se blinda a provisión pública e segue habendo criterios excepcionais que as comunidades autónomas poden utilizar para seguir privatizando o sistema sanitario.

Ademais, pérdese a ocasión de derrogar o RD 16/2012, que reverteu o modelo do sistema sanitario público, e consolidar un sistema de saúde como dereito universal que garanta a accesibilidade, a equidade e a cohesión do sistema sanitario, recoñecendo novamente o dereito de cidadanía no Sistema Nacional de Saúde.

En canto á coordinación sociosanitaria, UGT mantén que é unha materia pendente en ambos os sistemas desde que se aprobou a Lei de Cohesión e Calidade do Sistema Sanitario no ano 2003 e posteriormente a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e subliña que, á hora de desenvolver esta prestación, debe quedar moi claro o papel que xoga o sistema sanitario xa que se trata dunha prestación sanitaria cuxa atención e coidados afecta ao sistema de saúde.

Con estes cambios non hai avance real en equidade e cohesión do sistema

Este Proxecto de Lei elude tamén unha cuestión fundamental, a aplicación da disposición adicional da Lei Xeral de Sanidade, na que se declara a extinguir no réxime das mutuas sanitarias para funcionarios públicos financiadas publica-



mente competindo co sistema sanitario público. Neste sentido, o sindicato estima que se debería asegurar que todas as persoas que se incorporan a este colectivo recibisen asistencia sanitaria polo SNS, deixando o sistema actual de asistencia sanitaria das Mutualidades a extinguir.

Non debemos perder unha vez máis a posibilidade de revertir a privatización, ou os cauces para chegar a ela no propio Sistema Nacional de Saúde, e avanzar na equidade e a cohesión do Sistema.

OS FOGARES VOLVEN A CARGAR CO PESO DA RECUPERACIÓN ECONÓMICA

A decisión do BCE do pasado xoves de poñer fin aos programas de compra de activos e a incrementar en 25 puntos os tipos de interese acaba cunha década de flexibilidade monetaria e pode orixinar graves consecuencias para a economía das familias europeas

Redacción.- Para UGT, a resposta dos últimos dez anos do Banco Central Europeo (BCE) foi moi positiva para soliviantar as distintas crises que se sucederon, mitigando o risco de fragmentación na zona euro, estimulando o investimento e apoiando a seguridade financeira dos fogares.

Con todo, a nova decisión impulsada por Lagarde traerá consigo o efecto contrario: os diferenciais de tipo de interese entre os títulos de débeda dos Estados incrementaranse, o acceso a financiamento para custear os proxectos de investimento endurecerase, os préstamos hipotecarios dos fogares encareceranse e o estrangulamento da renda laboral chegará agora por unha dobre vía: xa non só a través da depreciación do salario real que impón a inflación, senón, agora tamén, a través da previsible redución da creación de emprego.

Ante esta decisión e as súas máis que evidentes consecuencias, UGT

reitérase que o BCE optou por usar a política monetaria para construír diques de contención da inflación, en lugar da posibilidade de frear os estímulos ao crecemento, e faino no medio dun conflito bélico en curso nas portas de Europa e cando a incerteza espándese por todo o continente e polo resto do mundo.

Por iso, UGT advirte sobre a moi preocupante situación e denuncia que esta decisión de claro rumbo político (xa que o aumento da inflación ten a súa orixe nos beneficios extraordinarios das compañías extractivas e do sector de subministracións básicas, ante o que non se ofrece ningunha solución política) incre-



menta os riscos de estanflación, fragmentación da Zona Euro e inestabilidade financeira, e non soluciona a tensión inflacionaria porque non atalla ningunha das causas reais, pero case garante unha situación xa vivida: o endurecemento ao crédito, a contracción consecuenta da actividade económica e as dificultades para crear emprego, agravadas agora pola situación de incerteza que xera a guerra en Ucraína e as súas derivadas xeopolíticas, o que pode ter nefastas consecuencias.